



executiva

O prazo de inscrición do programa Executiva pechouse con preto de mil solicitudes

GALICIA - EUROPA

Traballo e Benestar captará máis de 2 millóns de euros de fondos europeos para desenvolver cinco novos proxectos

10

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Madrid na Conferencia Sectorial de Emprego

- ▶ A titular do departamento autonómico defendeu que as comunidades teñan capacidade de decisión nas axencias de colocación privadas que vaian operar no seu territorio e destacou que o financiamento dos seus convenios deberá corresponder ao Goberno central
- ▶ Lembrou que unha das cuestións que está enriba da mesa é a urxente reforma das políticas activas de emprego, un asunto no que o Goberno galego xa está avanzando.

9

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou decembro cun total de 237.313 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 5.592 persoas

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, valorou en rolda de prensa os datos do paro do último mes de 2010, que rexistrou un incremento en termos relativos do 2,41 por cento.

8

DEPENDENCIA



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu en Madrid ao Consello Territorial da Dependencia

- ▶ Mato confía en que a ministra de Sanidade conte coas autonomía para avallar a dependencia, tal e como comprometeu.

2

O Observatorio para a Dependencia reconece a Galicia dúas boas prácticas aplicadas pola Xunta para avanzar na tramitación da lei

- ▶ A primeira das actuacións que eloxiou o Observatorio estatal é a posta en marcha dun protocolo técnico no ámbito dos servizos sociais comunitarios e da saúde para mellorar a transversalidade na aplicación da normativa.

3

Mato destaca que o “esfuerzo da Xunta” coa dependencia reflíctese no incremento dun 189% máis de persoas atendidas en 20 meses

2-3

Sumario

Dependencia	2-3	Galicia-Europa	12-13
Familia e benestar	4-5	Seguridade e saúde laboral	12
Igualdade	6	Breves	13
Xuventude e voluntariado	7	Publicacións	14
Formación-Emprego	8-11	Normativa	14-24

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Mato confía en que a ministra de Sanidade conte coas autonomías para avaliar a dependencia, tal e como comprometeu



- A conselleira, que asistiu en Madrid ao Consello Territorial da Dependencia, sinalou que Pajín así o acordou cos responsables autonómicos
- A titular de Traballo e Benestar destacou a importancia de que o Goberno central atenda a opinión e a experiencia das comunidades autónomas.

Santiago, 22 de decembro de 2010. - A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, confiou en que a ministra de Sanidade; Política Social e Igualdade, Leire Pajín, cumpra o compromiso dado ás comunidades autónomas de contar con elas á hora de avaliar o grao de aplicación da Lei de dependencia no conxunto do Estado.

Ao termo do pleno do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia que tivo lugar en Madrid, a titular da Administración sociolaboral galega expresou o seu desexo de que esta avaliación se realice tendo en conta os gobernos autonómicos e lembrou que este mes xa debía estar feita, pois era un compromiso adoptado polo Execu-

tivo central.

Pese a isto, Mato destacou a importancia de que o Goberno central teña en conta a "opinión" e a "experiencia" das comunidades autónomas na aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e de atención en situación de dependencia (aprobada ao final de 2006), "máis alá do formalismo".

Así mesmo, a conselleira lamentou a "tardanza" do Executivo central á hora de publicar o catálogo de servizos que entrará en funcionamento o vindeiro 1 de xaneiro para as persoas dependentes que teñan recoñecido un grao 1, ao igual que o modelo de financiamento para este nivel de dependencia, que foi aprobado.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou a xuntanza de traballo do VI Observatorio Estatal para a Dependencia

Santiago, 17 de decembro de 2010. - A Xunta de Galicia atendeu desde a posta en marcha da Lei de dependencia a máis de 40.000 persoas dependentes, das que 26.000 foron introducidas no sistema nos últimos 20 meses. Isto supón un incremento do 189 % desde abril de 2009. Así o expuxo a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na inauguración da xuntanza do VI Observatorio Estatal para a Dependencia, que nesta ocasión tivo lugar en Santiago de Compostela.

Durante o acto de apertura da reunión semestral deste organismo, impulsado pola Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais de España, en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, preséntáronse así mesmo as liñas de traballo e investigación que está a desenvolver o Observatorio en materia de dependencia.

Mato destacou que o Goberno galego, "pese aos obstáculos que ten de base a aplicación da Lei de

dependencia", está a facer "un gran esforzo neste ámbito", que dixo que está a dar os seus froitos. De feito, na actualidade, Galicia é a sexta comunidade autónoma con máis solicitudes tramitadas e a sexta con máis persoas con dereitos recoñecidos.

Así, en primeiro lugar, explicou que a Consellería de Traballo e Benestar incrementou os orzamentos en dependencia desde o ano 2009. Ao respecto, indicou que nos sete primeiros meses de Goberno,

inxectáronse a maiores do orzamento aprobado un total de 100 millóns de euros para mellorar o sistema e xilizar a xestión dos expedientes.

Recalcou, así mesmo, que, en 2010, o Goberno galego fixo un esforzo nos seus orzamentos chegando a destinar á partida da dependencia un total de 352 millóns de euros, dos que 96 millóns son financiados polo Estado. Para 2011, Mato lembrou que "pese aos recortes do Estado", a Xunta incre-

.../...

O Observatorio para a Dependencia reconece a Galicia dúas boas prácticas aplicadas pola Xunta para avanzar na tramitación da lei

Santiago, 18 de decembro de 2010. - O Observatorio Estatal para a Dependencia vén de ratificar dúas boas prácticas posúas en marcha polo Goberno galego para mellorar e axilizar a aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia na Comunidade Autónoma. Con este recoñecemento, Galicia súmase así ás comunidades que teñen validadas boas prácticas por parte deste organismo.

Así, na xuntanza de traballo desenvolvida en Santiago, eloxiou-se a mellora en Galicia da coordinación e da transversalidade na aplicación da normativa. Para acadar estes avances, a Xunta, por unha banda, puxo en marcha un protocolo técnico no ámbito dos servizos sociais comunitarios e da saúde, que se fixo pilotado polo Collexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia, e, por outro lado, creou unha aplicación informática para a

xestión do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS). O Observatorio valorou como positivo neste aspecto a transparencia desta ferramenta e o raspado de coñecementos que proporciona a todos os profesionais implicados na aplicación da lei.

A reacción dunha aplicación informática para a xestión do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) púxose en marcha no primeiro trimestre de 2010 e na actualidade está plenamente implantada. Esta ferramenta contribúe á consolidación do sistema, contemplando a todas as entidades, centros e programas autorizados nun único instrumento para a súa ordenación, coñecemento e xestión dunha forma máis eficiente.

Protocolo nos servizos sociais

No tocante ao protocolo técnico no ámbito dos servizos sociais comunitarios e de saúde de Galicia,

a segunda das boas prácticas validadas polo Observatorio Estatal da Dependencia, é un instrumento que facilita, sistematiza e unifica os criterios nestes organismos, na súa condición de administración máis próxima á cidadanía.

O resultado de todo o proceso, de máis dun ano de duración, está na súa fase de implementación, unha vez elaborado o documento, froito do diálogo participativo dos profesionais implicados na súa confección. Os traballadores e traballadoras sociais dispoñen xa dun manual útil para o desenvolvemento das súas funcións.

Ademais, co obxectivo de asegurara correcta aplicación deste instrumento, impartíronse catro obradoiros formativos sobre o seguimento dos programas individuais de atención e formáronse ao redor de 120 profesionais.

En resumo, este protocolo que trata de proporcionar un elemento

útil, eficaz, fiable e eficiente para as xestións dos traballadores sociais coa finalidade de mellorar a calidade de atención ás persoas en situación de dependencia. Unha das partes máis novidasas deste protocolo é a fase dedicada ao procedemento de seguimento do PIA (Plan de Atención Individualizado) en domicilio, xa que é un aspecto innovador inexistente noutras comunidades autónomas.

Ademais, destas dúas boas prácticas, a Xunta de Galicia puxo en marcha nos últimos meses outras actuacións encamiñadas a mellorar e axilizar a tramitación da Lei de dependencia. Destaca, a súa, o plan de formación ás persoas cuidadoras, que se está a realizar en Galicia neste segundo semestre do ano. En concreto, a Consellería de Traballo e Benestar impulsou un programa dirixido aos cuidadores non profesionais e tamén a expertos nesta materia.

.../...

mentará o orzamento nun tres por cento, e, así, investirá 360 millóns. O Estado, desta cantidade global, achegará o mesmo que en 2010, é dicir, 96 millóns.

“Pero para o Goberno galego hai outro aspecto na dependencia non menos importante que a cifras, que é a calidade”, apuntou a conselleira. Por iso, resaltou que unha das liñas de actuación en dependencia do departamento autonómico foi mellorar a xestión administrativa e reforzar o persoal de xestión.

Así mesmo, a conselleira apuntou que a Xunta modificou a normativa a través da publicación a principios deste ano dun novo decreto. “É unha das normativas máis avanzadas nesta materia, xa que inclúe unha optimización no desenvolvemento do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia, como a redución do prazo de resposta de 12 a 6 meses”, detallou.



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na inauguración da xuntanza do VI Observatorio Estatal para a Dependencia

Benestar impulsa unha plataforma tecnolóxica que actualizará automaticamente e de xeito territorializado as ratios e recursos



Santiago, 9 de decembro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Fundación Caixa Galicia impulsarán unha plataforma tecnolóxica dentro do Observatorio Territorial, Económico e Social, coa que se realizarán proxeccións e análises dos escenarios a curto, medio e longo prazo respecto á evolución dos distintos colectivos aos que se dirixen os servizos sociais. Este instrumento, con capacidade de actualización automática da información, está ultimando a definición do mapa actual de centros e servizos sociais cos que conta Galicia e servirá de punto de partida dos que se poñan en marcha no futuro.

Así o avanzou a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, durante a sinatura do convenio entre a Xunta e as dúas entidades. Esta iniciativa vén a reforzar o Observatorio Territorial, Económico e Social, cuxo labor arrancou hai dous anos. Traballo e Benestar desenvolverá esta ferramenta tecnolóxica coa USC e a Fundación Caixa Galicia para mellorar a calidade, a eficacia e a eficiencia na prestación dos servizos sociais, ao tempo que permitirá facer unha planificación axeitada destes.

A Administración galega, o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega) e o Centro de Investigación Económica e Financeira (CIEF) farán estudos e proxeccións sobre a realidade socioe-

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou o convenio coa USC e coa Fundación Caixa Galicia para pór en marcha esta ferramenta
- A plataforma permitirá analizar os escenarios a curto, medio e longo prazo sobre a situación dos grupos de poboación aos que se dirixen os servizos sociais
- A través deste instrumento realizaranse proxeccións da evolución dos distintos colectivos ata 2025 para planificar a resposta ás súas necesidades
- Poderanse facer actualizacións periódicas dos datos, dos destinatarios dos servizos e dos centros onde se prestan
- Incluirase información sobre atención ás persoas maiores, á infancia, á discapacidade e á dependencia, así como a outros servizos comunitarios e especializados.

conómica da comunidade mediante unha nova aplicación que combina un sistema de información baseado en tecnoloxías SIX (sistema de información xeográfica), realizado con software libre, e estatísticas.

A información que a consellería dispoñen sobre as súas áreas de actuación complementará as proxeccións e escenarios a curto, medio e longo prazo que a nova aplicación efectúe sobre os destinatarios dos servizos sociais (persoas maiores, con discapacidade, nenos de 0 a 3 anos e o resto de servizos comunitarios e especializados).

Así, o Observatorio Territorial, Económico e Social contará con máis amplas bases de datos e un maior número de posibilidades de análise destes. O seu traballo estará centrado no establecemento e estudo dun conxunto de indicadores que facilitarán un coñecemento máis profundo da realidade socioeconómica e territorial galega no eido dos servizos sociais.

Tres anos de duración

O desenvolvemento do conxunto deste proxecto durará tres anos, nos que se elaborarán bases de datos consistentes nun ámbito micro; determinaranse as ratios de cobertura dos servizos sociais, que se actualizarán de xeito automatizado; realízanse informes xerais territorializados e organizaranse reunións e comités de expertos.

Tamén se estudará o impacto social e económico da incorporación de novos servizos en zonas xeográficas concretas e a evolución dos resultados planificados para os servizos des de unha perspectiva socioeconómica.

A parte, analizarase o contraste entre estes datos e as actuacións desenvolvidas no ámbito dos servizos sociais. Por último, impulsarase un estudo acerca da viabilidade socioeconómica de novas fórmulas de xestión dos servizos sociais públicos.

Feijóo destaca que o Plan Integral para Persoas con Discapacidade, inspírase no principio de “ser o que son, sen exclusións nin separacións”

- ▶ “Debemos dar as posibilidades de contribuír tamén á construción da nosa sociedade dun xeito activo dentro das súas posibilidades”, subliñou
- ▶ Resalta que o plan, froito do diálogo, recolle máis de 190 novas actuacións e reforza outro cento de medidas en ámbitos diversos, desde os servizos sociais, ata a saúde, a educación, o emprego, a cultura ou o lecer
- ▶ “Situamos as políticas sociais en primeira liña de prioridade: e por iso, decidimos adicar o 75% de todo o presuposto do ano 2011 ás políticas sociais; e incrementar nestes 18 meses de goberno en máis dun 12% as prazas financiadas con fondos públicos para discapacidade”, asegura.
- ▶ Salienta as características do centro de ASPANAES, no que se combinan os servizos sociais, asistenciais e educativos de cara á facer que se desterre a idea da discapacidade e se comece a ver a idea da capacidade e da igualdade de oportunidades para todos.

As Pontes (A Coruña), 18 de decembro de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, dixo durante a visita ao colexio de educación especial, centro residencial con centro de día ASPANAES - As Pontes, que o Plan Integral para Persoas con Discapacidade inspírase no principio de “ser o que son, sen exclusións nin separacións”.

Feijóo destacou que, con este obxectivo, o Goberno galego acaba de aprobar o Plan Integral para Persoas con Discapacidade 2010-2013, que involucra a todos os departamentos da Xunta na mellora da calidade de vida deste colectivo. Un plan que recolle máis de 190 novas actuacións e que reforza outro cento de medidas en ámbitos diversos, desde os servizos sociais, ata a saúde, a educación, o emprego, a cultura ou o lecer; froito das chegadas e do diálogo. “Un plan, en definitiva, que reflicte a idea de que investir en políticas sociais, investir nun mercado laboral inclusivo, investir na mellora da calidade de vida dos cidadáns, sen excepción, é a mellor das ferramentas de futuro”.

Para o responsable autonómico, o Plan Integral para Persoas con Discapacidade é unha proba máis de como a Xunta quere que eses 3 de cada 4 euros que destina ás políticas sociais sexan empregados eficientemente, con resultados visibles para toda a sociedade.



“Temos moi claro o que queremos. Queremos que os avances logrados no benestar da nosa sociedade queden garantidos, a pesar da crise económica; por iso situamos as políticas sociais en primeira liña de prioridade; e por iso, decidimos adicar o 75 % de todo o presuposto do ano 2011 ás políticas sociais; e decidimos incrementar nestes 18 meses de goberno en máis dun 12 % as prazas financiadas con fondos públicos para discapacidade”.

Igualdade de oportunidade para todos

O presidente do Goberno galego referiuse a unha frase de Gregorio Marañón -‘Non saberás todo o que valla ata que non poidas ser xunto a ti todo o que son’- para destacar o espírito que fai avanzar a asociacións como ASPANAES, no seu labor de defensa dos intereses das persoas con Trastorno do Espectro Autista.

“Debemos poñer todo da nosa parte para que as persoas con esas necesidades poidan amosarnos todo o que valen. E iso só se pode facer establecendo as necesarias canles que lles permitan ‘ser o que son’, sen exclusións nin separacións. Dándolles as posibilidades de contribuír tamén á construción da nosa

sociedade dun xeito activo dentro das súas posibilidades”.

Neste sentido, salientou as características deste centro, no que se combinan os servizos sociais, asistenciais e educativos de cara á facer que se desterre a idea da discapacidade e se comece a ver a idea da capacidade e da igualdade de oportunidades para todos. “Capacidade plena para acceder a un posto de traballo, sen contos excluíntes nin privacións e capacidade enteira e sen fracturas, para formar entre todos unha sociedade sólida, na que a autonomía individual das persoas non sexa nunca máis unha utopía. Este centro é un exemplo do compromiso xeral coa construción dunha sociedade máis xusta”.

Feijóo concluíu estendendo o agradecemento aos profesionais que día a día traballan nel, polo esforzo desenvolvido xunto con outras persoas e institucións para que este centro sexa hoxe unha realidade. “Ese esforzo conxunto, de tantas persoas e institucións nos vai permitir a chegarmos, tal como dicía Marañón, a ver o que de verdade valen todas as persoas que pasan por aquí, permitíndolles ser o que son, xunto con nós”.

Igualdade

O prazo de inscrición do programa Executiva pechouse con preto de mil solicitudes

- ▶ É a primeira vez que un programa destas características se pon en marcha na comunidade, ao estar financiado nun cen por cento pola Consellería de Traballo e Benestar
- ▶ Trátase dunha iniciativa “formativa e gratuíta” destinada ao colectivo feminino co fin de paliar a “escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade”.

executiva
<http://programaexecutiva.org/>

Santiago, 28 de decembro de 2010. - O programa Executiva posto en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar pechou a súa fase de inscrición cun total de 976 solicitudes. A través desta iniciativa, un total de 200 mulleres de entre 25 e 45 anos – o número máximo de alumnas- poderán recibir formación gratuíta desde o próximo mes de febreiro.

O programa vén a dar cumprimento ao compromiso adquirido polo Goberno galego de poñer en marcha medidas que favorezan o acceso das mulleres a postos de liderado e decisión.

Unha vez rematada a fase de inscrición comeza agora o proceso de selección, que rematará o próximo 15 de xaneiro coa comunicación ás persoas finalmente aceptadas neste proxecto formativo que se desenvolverá na Coruña e Vigo durante os meses de febreiro, marzo e abril.

Na primeira fase, as 200 mulleres seleccionadas terán acceso a un seminario de 8 horas lectivas.

Estas actuacións baséanse na motivación e nunha aproximación ás habilidades básicas de liderado e ás fórmulas para conciliar a vida laboral e familiar sendo ao mesmo tempo altamente produtivas.

Tras as probas deste seminario, haberá unha selección, coa que das 200 participantes iniciais, un total de 80 pasarán á seguinte fase do programa, que serán obradoiros de traballo, de 20 persoas cada un. Neles trátase unha competencia de liderado concreta tales como a comunicación e dirección de equipos, a orientación ao logro, influencia e relacións interpersoais e a toma de decisións e control emocional.

Rematados estes obradoiros, farase unha selección de 5 mulleres de cada grupo. Deste xeito, só 20 participantes chegarán á última fase, consistente na tutorización ou ‘coaching’ individual. Polo tanto, esta parte da formación está deseñada para profesionais de “moi alto potencial” e traballará no desenvolvemento de capacidades de liderado, con accións

individuais e personalizadas.

Os profesionais que impartan o programa Executiva serán relatores e especializados no desenvolvemento do liderado; profesionais vinculados ao contorno profesional; expertos na aprendizaxe de habilidades e expertos en coaching e orientación profesional.

En definitiva, todo o programa é unha acción específica para a adquisición de habilidades directivas por parte das mulleres, co fin de facilitar o seu acceso a postos de responsabilidade.

O ‘programa Executiva’ non pode considerarse de forma illada. Así, entre outras accións postas en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar, destacan a Marca galega de excelencia empresarial en igualdade e a de elaborar un catálogo de empresas obrigadas a facer plans de igualdade. Ademais, estase a definir, no diálogo social, o Plan de emprego feminino.

Traballo cualifica máis de 51 categorías profesionais con subrepresentación feminina

- ▶ A iniciativa da Xunta de Galicia sae publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 234, do 7.12.2010).

Santiago, 6 de decembro. - A Consellería de Traballo e Benestar vén de elaborar unha relación das profesións con subrepresentación feminina en Galicia que sae publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 234, do 7.12.2010). O listado inclúe un total de 51 categorías profesionais, que engloban máis de 200 ocupacións, onde o sector feminino é pouco relevante.

No informe pónse de manifesto que a quinta parte das actividades económicas concentran a máis da metade das traballadoras afiliadas á Seguridade Social en Galicia e incide noutros aspectos que caracterizan a o emprego feminino como a súa alta porcentaxe de inactividade posto que máis da metade do total de inactivos son

mulleres; a súa maior rotación laboral nos movementos contractuais; a súa maior temporalidade e parcialidade na contratación; e, por último, a súa maior dificultade para acceder a postos de maior responsabilidade.

Precisamente, para mellorar as oportunidades do sector feminino á hora de acceder a postos de dirección, a Consellería de Traballo e Benestar, entre outras liñas de actuación neste ámbito, puxo en marcha o ano pasado unha orde para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo e igualdade das mulleres de Galicia.

A medida inclúe, ademais de subvencións para o fomento da implantación de plans de igualdade e para os investimentos realizados polas empresas para a mellora da conciliación da vida familiar e laboral dos seus traballadores, axudas para actuacións tendentes á eliminación da infrarepre-

sentación feminina nos sectores laborais ocupados predominantemente por homes.

Os beneficiarios desta última liña de subvencións son as pequenas e medianas empresas con domicilio social en Galicia que no momento da solicitude contan cun máximo do 20 por cento de mulleres no seu cadro de persoal e sempre que se trate dun sector de actividade en que sexa habitual a infrarepresentación laboral feminina.

A partir de agora, terase en conta o listado das profesións con subrepresentación feminina que vén de elaborar a Consellería de Traballo e Benestar para a concesión destas axudas.

Nesta orde teñen consideración de gastos subvencionables a adaptación das instalacións ou o investimento noutros medios materiais da empresa para adecualas ás novas necesidades resultantes da contratación de mulleres.

Medio cento de mozas e mozos inician en xaneiro prácticas laborais en empresas de Italia, Francia, Irlanda e Holanda



► Ovidio Rodeiro na recepción aos beneficiarios das Leonardo da Vinci.

Santiago, 23 de decembro de 2010.- C case medio cento de mozas e mozos (47) inician en xaneiro as súas prácticas laborais en empresas de Italia, Francia, Irlanda e Holanda, unha iniciativa inscrita no programa Leonardo da Vinci, á súa vez enmarcado no proxecto Mogal de mobilidade xuvenil, cuxa promoción é dos principais eixos da estratexia Xuventude 2013.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, recibiu no Centro Coordinador de Información Xuvenil de Santiago aos beneficiarios desta primeira quenda do Leonardo da Vinci, que permitirá a un total de 187 rapaces e rapazas realizar estadias laborais en firmas estranxeiras ata decembro do 2011.

Os participantes desta primeira fase asinaron hoxe os seus contratos de formación práctica e coñecerán as empresas que os acoollerán durante as 12 semanas de duración de estas estadias. O obxectivo do programa Mogal é facilitar a integración das mozas e mozos no mercado laboral europeo.

Outras catro quendas sumaranse a esta primeira, que arranca o 15 de xaneiro, e o período de solicitudes para a seguinte convocatoria saírá publicado na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (www.xuventude.net) a partir do día 11 dese mesmo mes.

Os interesados en participar deben ter entre 18 e 30 anos e ter realizados estudos relacionados cos sectores do mobiliario, a madeira, restauración, turismo, maxe, informática, deseño, electricidade e mecánica. A finalidade destas prácticas é que as mozas e mozos acaden coñecementos e competencias útiles para o desenvolvemento profesional ao tempo que adquiren unha mellor competencia lingüística no idioma do país de destino.

O departamento dirixido por Ovidio Rodeiro investirá 557.211 euros no desenvolvemento deste programa, unha contía que a Unión Europea financia nun 90%.



<http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/leonardo-da-vinci/visitas-preparatorias.html>

Xuventude oferta á mocidade galega preto de 500 prazas para ir a esquiar a Andorra, León e Candanchú no primeiro trimestre de 2011

Santiago, 26 de decembro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar desenvolverá un novo programa destinado á mocidade galega no primeiro trimestre de 2011. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado porá por primeira vez en marcha 'Xuventur Neve', a través do que se ofertarán preto de 500 prazas subvencionadas para que os mozos e mozas poidan ir a esquiar a León, Andorra ou Candanchú (Huesca).

'Xuventur Neve', dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 35 anos, inclúe tres programas diferentes. O primeiro deles desenvolverase en Leitariegos (León) ao longo de 9 fins de semana entre os meses de xaneiro e marzo. A estadia será de tres xornadas, nas que os participantes poderán practicar esquí e raquetas. O departamento autonómico ofertará nesta modalidade un total de 270 prazas.

O prezo por persoa será de 120 € para os posuidores do carné xove e de 160 € para o resto. A contía inclúe o transporte en autobús, a loxamento nun albergue en pensión completa, así como o material necesario para practicar os deportes. Os mozos e mozas terán dereito a un día de forfait e a

un día de alugamento das raquetas ou do equipo completo, xá sexa para esquí carving ou para snowboard. Así mesmo, terán dereito a tres horas de clases de grupo, unha ruta guiada e unha visita de interese.

O segundo programa, no que se ofertarán 162 prazas, terá lugar en Vallnord (Andorra). Organizaranse tres quendas, dunha duración de cinco días cada unha delas, entre o 22 de xaneiro e o 12 de febreiro. Esta iniciativa terá un custo de 296 € para os que dispoñan do carné xove e de 395 € para o resto. Os servizos incluídos nesta modalidade serán o transporte en autobús, o aloxamento nun hotel de tres estrelas en réxime de media pensión, así como o material necesario para esquiar e cinco días de clases e forfait. Tamén se inclúe a comida en pista. Ademais, ofertaranse visitas opcionais a Caldea e ao Palacio de Xeo de Canillo.

O terceiro dos programas de 'Xuventur Neve' desenvolverase en Candanchú (Huesca) ao longo de cinco días. A Dirección Xeral de Xuventude ofertará 60 prazas, divididas en dúas quendas: a primeira será do 20 ao 25 de febreiro e a segunda

do 27 de febreiro ao 3 de marzo.

O prezo para esta iniciativa será de 352 € para os posuidores do carné xove e de 470 € para os que non teñan este documento. Neste caso, o prezo inclúe o desprazamento en avión desde A Coruña e o aloxamento nun hotel de dúas estrelas en réxime de media pensión. Tamén está contemplado o aluguer do equipamento, así como 5 días de forfait e dúas horas de clase diarias.

O prazo para anotarse a esta iniciativa abrirase o próximo 7 de xaneiro. As prazas adjudicaránse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as prazas dispoñibles por programa.

A inscrición deberase facer a través da páxina web www.xuventude.net. Cada programa contará co seu formulario específico e só se poderá elixir unha quenda.



www.xuventude.net

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 4 de xaneiro de 2011.- Galicia pechou o mes de decembro de 2010 cun total de 237.313 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 5.592 persoas con respecto a novembro. En termos relativos, este incremento é do 2,41 por cento.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, valorou os datos do paro, que cualificou de "negativos", en tanto se rexistrou unha subida do número de desempregados. Neste sentido, lembrou que o último trimestre do ano adoitaba rexistrar aumento do número de desempregados.

No Estado, o desemprego descendeu en 10.221 persoas, un 0,25 por cento en termos relativos, de modo que

se situou nas 4.100.073 persoas en paro.

Con todo, a pesar de que os datos "negativos", a responsable autonómica precisou que continúa "a senda da contención de destrución de emprego". Así, o ano pasado, en 2009, o aumento neste mesmo mes foi de 6.011 parados; e, en 2008, de 9.083 persoas; fronte aos 5.592 deste ano.

No que se refire á evolución anual e interanual –as dúas evolucións coincide ao ser decembro–, o paro elevouse en Galicia, ao igual que no resto das comunidades autónomas, en 14.474 persoas, o que representa en valores porcentuais un crecemento do 6,5 por cento. En España, no tocante a este período, o

desemprego aumentou este ano en 176.470 persoas, un 4,5 por cento.



O incremento anual e interanual rexistrado no mesmo período do ano 2009 foi superior ao do dobre, con 32.936 parados máis. Trátase doutro indicador, sinalou Díaz López, que reflicte a contención na destrución do emprego, aínda que insistiu en que "evidentemente os datos son negativos, xa que hai un aumento do paro".

Por provincias, o paro aumentou en todas elas, das que o maior incremento se rexistrou en Pontevedra (2.858 parados máis), seguida pola Coruña (2.126), Ourense (319) e Lugo (289).

No que se refire aos sectores, o desemprego se incrementou en todos

eles, especialmente no sector da construción (2.893 persoas) e na industria (1.840). As seguintes subsector rexistraron no sector servizos (518), agricultura e pesca (309), e o colectivo sen emprego anterior (32).

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia en decembro un total de 50.631 contratos, 3.989 menos que no mes anterior. Deste total, 4.593 foron indefinidos (9,07 por cento) e 46.038 temporais (90,93%). Deste xeito, a comunidade autónoma sitúase por riba da media do Estado no que se refire á estabilidade laboral, xa que supera en dous puntos a porcentaxe total dos contratos indefinidos, que se sitúa no 7,83 por cento.



Mato reclama ao ministro de Traballo que as novas medidas de emprego non vaian en detrimento das arcas autonómicas



Madrid, 16 de decembro de 2010. - A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reclamou na Conferencia Sectorial de Emprego, ante o titular do Ministerio de Trabajo e Inmigración, Valeriano Gómez, que as novas medidas propostas polo Goberno central en materia de emprego non vaian en detrimento das arcas autonómicas.

Neste sentido, demandou que non se poñan en marcha sen acordo novas medidas en materia de emprego que afecten ás comunidades autónomas e aos seus orzamentos. Com o exemplo, citou o decreto que regulará as axencias privadas de colocación e a intermediación en colaboración cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, que se debateu hoxe na orde do día. Tamén apuntou á última proposta de substituír a eliminación do PRODI por formación de desempregados, sen que o Goberno central teña proposto un incremento desta partida.

Precisamente sobre a eliminación da prestación dos 426 euros, Mato lamentou tamén que estas novas medidas anunciadas polo Goberno central "confirmen a improvisación" coa que o Executivo estatal está a actuar nas súas reformas. Insistiu en que o Goberno autonómico está "expectante" por coñecer cómo se desenvolverá esta substitución do PRODI por formación, tendo en conta que é a Xunta a encargada de executar as políticas activas de emprego, entre as que se conta a formación.

Ao respecto, explicou máis polo miúdo que o Executivo central, ata o momento, non ten concreto ningunha partida orzamentaria a maiores que complementen o orzamento que xa teñen as auto-

nómicas para este apartado, polo que, ata o de agora, descoñécese como se vai financiar esta nova medida.

Xa no que se refire propiamente á orde do día sobre o decurso das axencias privadas de colocación, Mato defendeu a aposta da Xunta polo modelo de intermediación pública, tal e como se recolle no marco do Diálogo Social de Galicia, así como a necesidade de mellorar os índices rexistrados polo servizo de emprego autonómico.

Neste eido, a titular do departamento autonómico demandou garantías para que a entrada destas novas entidades non afecten de xeito negativo aos mecanismos de intermediación públicos.

Por iso, avogou por que as comunidades teñan capacidade de decisión respecto ás autorizacións das axencias de colocación privadas que vaian operar en máis dunha autonomía. Así mesmo, considerou que o financiamento dos convenios coas novas entidades deberá corresponder ao Goberno central e non reservar fondos ás administracións autonómicas.

Nesta liña, a conselleira coincidiu, ademais, cos axentes sociais ao reclamar que se regulen outros tipos de intermediación como os portais de emprego existentes na Internet e incidir na relevancia de coidar o tratamento dos ficheiros de datos dos demandantes de emprego.

110 orientadores laborais máis para Galicia

Por outra banda, Mato avanzou que a comunidade de galega disporá de financiamento para 110 promotores de emprego máis, que desenvolverán este labor entre o 1 de febreiro do ano que vén e o 31

de decembro de 2012. A súa actividade sumariase á dos 109 orientadores laborais que xa traballan en Galicia e que o continuarán facendo ata finais de 2012, despois de que o departamento de Valeriano Gómez prorrogase o financiamento para manter o seu contrato.

A titular de Traballo e Benestar interpretou que a medida reforzará os medios humanos cos que contan as oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Os novos efectivos atenderán a persoas de sempregadas e realizarán labores de información ás empresas, unha actuación que xa se desenvolvía na comunidade os orientadores de emprego subvencionados pola Xunta.

Ademais destes asuntos, Mato lembrou que aínda queda pendente de tratar a cuestión da reforma das políticas activas de emprego, que se debe abordar "o antes posible". Neste sentido, fixo fincapé en que a Xunta xa leva avanzado o seu traballo neste punto, en concreto, cara a unha formación de "maior calidade" e que garante a certificación profesional.

Reforma das pensións

Por outra banda, e ante as preguntas dos medios de comunicación, a conselleira avogou por que a ampliación da idade de xubilación "debería continuar sendo algo voluntario", sobre todo, explicou, se se teñen en conta as dificultades que pode ter unha persoa de maior idade para desenvolver determinadas profesións.

Con todo, valorou como "positivo" o inicio de acordo nalgun dos puntos ao que se chegou no seo do Pacto de Toledo, xa que considerou que o "camiño do consenso é a vía a seguir". Pero, ademais, quixo facer fincapé na necesidade de que este consenso se estenda tamén aos axentes económicos e sociais, un acordo que cualificou de "fundamental".

Máis de 1.200 persoas beneficiarían das escolas e obradoiros de emprego

- ▶ Estas 48 iniciativas mixtas de formación e emprego (2 escolas obradoiro e 46 obradoiros de emprego) estanse xa a poñer en funcionamento grazas a un investimento de 21,8 millóns de euros
- ▶ Ademais da formación profesional, os participantes recibirán orientación e asesoramento e educación compensatoria, entre outros contidos formativos.

Santiago, 28 de decembro.- Un total de 48 iniciativas mixtas de formación e emprego (2 escolas obradoiro e 46 obradoiros de emprego) estanse a poñer en funcionamento durante a segunda quincena deste mes. De feito, todas elas estarán en marcha antes de que remate o ano. En total, estes proxectos contarán cun investimento de 21,8 millóns de euros e posibilitarán o acceso a un emprego a 1.200 persoas.

En concreto, nestes proxectos, que funcionarán ao longo de todo 2011, participarán 950 traballadoras e traballadores desempregados – que formalizarán un contrato e percibirán un salario-, así como 250 profesionais que ocuparán postos directivos, de xestión e docentes e que se encargarán da boa marcha de cada iniciativa.

No caso dos obradoiros, estes están dirixidos a persoas de idade de 25 anos ou máis, que están inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. O requisito é o mesmo para os destinatarios das escolas obradoiros, aínda que neste caso están dirixidas a menores de 25 anos. Na selección de persoas,

estase a valorar, de xeito preferente, ás persoas desempregadas que teñan esgotadas as súas prestacións.

A formación que reciben é de carácter fundamentalmente práctico, mediante a realización de obras ou da prestación de servizos de interese xeral ou social, que posteriormente facilitarán a integración no mercado laboral dos participantes. De feito, unha porcentaxe próxima ao 80 por cento atopa traballo nun curto prazo de tempo, na mesma especialidade na que se formaron.

Con todo, hai que salientar que ademais da propia formación profesional, durante toda a duración do proxecto proporcionaranse aos alumnos traballadores outros contidos formativos, como pode ser a orientación e asesoramento profesional, empresarial e laboral.

Ademais, tamén se lles facilitará educación compensatoria (para aqueles que non alcanzan os obxectivos da ESO); módulos de seguridade e saúde no traballo; alfabetización informática; e sensibilización ambiental e de igualdade de xénero.

A isto hai que sumarlle que se impartirá unha formación mínima ao alumnado que non poida acceder a unha titulación académica requirida para acceder aos módulos formativos que conforman a especialidade na que están participando, un requisito indispensable para poder obter o certificado de profesionalidade.

Deste xeito, estas iniciativas mixtas de formación e emprego cumpren unha dimensión triple: melloran a empregabilidade dos participantes cunha formación teórico-práctica de calidade; o seu traballo permite a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas no ámbito local; e permiten afondar na colaboración institucional entre a Xunta, as entidades locais e as distintas asociacións sen ánimo de lucro que promoven estas iniciativas.

Entre as especialidades que se van impartir, cómpre salientar aquelas relacionadas co medio ambiente, tanto no aspecto de rehabilitación paisaxística como na creación de rutas de sendeirismo, ou mesmo na creación dun parque público para fomentar a educación ambiental.

Ademais, as especialidades adicionais como carpintería, cantaría e lbanería seguen a contar cunha grande demanda, e esixen especialmente enfocadas a acondicionar elementos arquitectónicos ou patrimoniais.

A isto hai que sumarlle unha demanda cada vez maior de iniciativas centradas en especialidades como a xudaría, o domo ou a atención ás persoas dependentes.

Traballo favoreceu a sinatura de máis de 20.000 contratos laborais ao longo de 2010

Santiago, 4 de decembro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar favoreceu a sinatura de máis de 20.000 contratos laborais ao longo deste ano a través dos distintos programas e liñas de incentivos orientados a cada un dos colectivos profesionais. A Administración Laboral galega dedicou a este fin máis de 160 millóns de euros.

Así o sinalou hoxe o director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, nunha rolda de prensa para presentar o balance de 2010 nesta materia. Máis de 10.000 traballadores (10.497) beneficiáronse dos programas de cooperación da Consellería coas entidades locais e institucións da comunidade e os programas mixtos de formación para o emprego.

En concreto, a primeira liña de actuación, na

que Traballo investiu algo máis de 66 millóns de euros, permitiu a contratación de 5.526 persoas. No caso dos programas mixtos de formación para o emprego (escolas obradoiro e obradoiros de emprego), aos que se destinaron 38,2 millóns, o total de beneficiarios ascendeu a 4.971.

Por outra banda, un total de 4.169 autónomos e emprendedores acolléronse ás distintas liñas de incentivos habilitadas pola Consellería para apoiar as iniciativas empresariais, ás que dedicou 26,1 millóns de euros este ano.

Malia a crise económica, o total de solicitudes non diminuíu, senón que moitas persoas en situación de desemprego optaron por establecerse por conta propia. Nun 66 por cento dos casos, os traballadores que apostaron pola vía do autoem-

prego tiñan máis de 30 anos. Un 50,2 por cento eran mulleres e o 49,1 homes.

Traballo e Benestar incentivou, ademais, a contratación de 2.079 persoas con discapacidade, actuación na que investiu 12,5 millóns de euros. Segundo sinalou o director xeral, o “considerable” incremento do orzamento aplicado a esta partida favoreceu un lixeiro aumento do número de traballadores que se viron favorecidos durante 2010.

Incentivos á contratación indefinida

A estes casos, engadíronse os 3.867 beneficiarios de outros incentivos, entre os que figuran os orientados a favorecer a contratación indefinida. En suma, as distintas liñas habilitadas pola Consellería con esta finalidade concentraron 18,2 millóns de euros de investimento.

O Comité Autonómico de Emprego reuniuse para facer balance do 2010 e adiantar as liñas estratéxicas para o próximo exercicio

